

**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ARQUIVO (OEP 2019), BASES PUBLICADAS NO BOP N° 169 DO 06/09/2021.**

**ASUNTO:** APRAZAMENTO DO SEGUNDO EXERCICIO DE PROCESO SELECTIVO A UNHA ASPIRANTE POR CAUSA DE FORZA MAIOR

O Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, dunha praza vacante de auxiliar de biblioteca e arquivo (OEP 2019) reuniuse en sesión do 9 de maio de 2023 para dar resposta á seguinte solicitude:

- Solicitude da aspirante Tania Rey García presentada o 6 de maio de 2023 (RE n° 2023026111) Manifesta que está na listaxe de persoas aptas do primeiro exercicio do proceso selectivo para a cobertura dunha praza vacante de persoal funcionario de carreira, subgrupo C1, auxiliar de biblioteca e arquivo (OEP 2019) e solicita o aprazamento do segundo exercicio do proceso selectivo, para o que está convocada o día 11 de maio de 2023. Achega documentación xustificativa da causa pola que solicita o aprazamento do exercicio.

A base sétima das bases reguladoras (BOP n.º 169 do 06/09/2021), relativa ao tribunal cualificador, sinala que:

*“O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en aqueles aspectos non previstos nestas bases”.*

A base oitava das citadas bases establece que:

*“As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non compareceran, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal”.*

Valorada a solicitude da aspirante, así como a documentación xustificativa achegada, o Tribunal acorda estimar a solicitude de aprazamento do segundo exercicio para a aspirante Tania Rey García por causa de forza maior debidamente xustificada. A data de realización do segundo exercicio para esta aspirante será publicada polo Tribunal coa debida antelación.

Este acordo non modifica en ningún caso a data de realización do segundo exercicio para os restantes aspirantes, que están convocados para a súa realización o día 11 de maio de 2023 ás 10.00 horas na Biblioteca municipal da praza de España.

Ferrol, na data que figura na sinatura dixital  
O secretario do Tribunal